

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A programación didáctica que aquí presentamos, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPI Fonte Díaz de Touro. Pretende ser unha programación globalizada que dea continuidade e interrelacione os contidos ao longo dos tres ciclos, de cara á consecución dos obxectivos marcados para a etapa, acadando así as competencias establecidas na lexislación vixente e nos distintos programas de formación do centro. nosos alumnos.

Á hora de establecer esta programación temos en conta non só o marco socioeconómico no que actuamos (característico do rural galego interior), senón tamén o patrimonio cultural das distintas parroquias de Touro (coas súas potencialidades no ámbito da nosa zona; por exemplo, no ámbito dos xogos populares, patrimonio material e inmaterial ou a natureza), así como as características do alumnado e as súas individualidades (para o que se prevén os mecanismos de avaliación inicial e de procedemento que nos mesmos especificamos).

O grupo seleccionado de 1º de Primaria está composto por 5 alumnos, todos eles de 6 anos no momento de comezar o curso. Trátase dun grupo homoxéneo, agás un alumno, do que se pediu información específica á titora do curso pasado en Educación Infantil.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

O centro de interese da programación é o concello de Touro, sobre o que xirará a programación, así como cunha presenza importante do tema elixido polo colexio para o curso 2023-2024: o bosque. Os alumnos traballarán sobre este dos aspectos, así como sobre a radio escolar, coa que darán a coñecer ás familias e á comunidade educativa os froitos do seu Proxecto Competencial.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Percorremos o noso concello	Partindo dunha aprendizaxe vivencial, no primeiro trimestre levaremos a cabo unha serie de visitas ao concello, para que teñan unha idea dos elementos, persoas e organismos que o conforman.	20	10	X		
2	Representamos o noso concello	Unha vez os alumnos coñecen o seu concello fisicamente, lévanse a cabo diferentes formas de representación gráfica e física do mesmo, así como proxectos de escritura.	35	10		X	
3	Contamos como é o noso concello	Cos datos, as gravacións e as representacións do concello de Touro, procedemos á realización de programas de radio e xornais sobre o mesmo.	45	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Percorremos o noso concello	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e a tradición galega.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a toma de datos na contorna.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Desenvolver cada paso no proxecto segundo a orde de relevancia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Diferenciar a relevancia da información.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Ser capaz de seleccionar material axeitado.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar os problemas e logros co grupo.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Apreciar os logros de cada momento do proceso e a súa contribución ao global.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
2	Representamos o noso concello	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar o que o Proxecto achega ao seu coñecemento do seu concello.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Valorar a relevancia dos datos manexados.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Ser capaz de secuenciar as tarefas de traballo e as razóns desta orde.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.	TI	100
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Contamos como é o noso concello	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar o que o Proxecto achega ao seu coñecemento do seu concello.	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Valorar a relevancia dos datos manexados.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Ser capaz de secuenciar as tarefas de traballo e as razóns desta orde.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o programa de radio e o xornal.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo do curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Coñecendo o meu concello".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto aos alumnos, así como se especifican os marcos conceptuais e as tarefas e secuenciación do traballo que se desenvolverá durante o curso 2023-2024.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar. Realizaranse diversas saídas ao medio para obter datos e coñecer presencialmente os aspectos que despois se traballarán por escrito, coa fin de que a aprendizaxe sexa vivencial e significativa.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos darán forma aos datos, fotografías, entrevistas e demais documentos recollidos, elaborando mapas conceptuais, esquemas e guións para o traballo de radio e xornalismo no terceiro trimestre.

Farase fincapé neste segundo trimestre na organización da información e na xerarquización da mesma, así como nas diferentes linguaxes: icónica, verbal, etc.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN o alumnado presentará os resultados do seu traballo mediante programas de radio e un xornal, que se difundirán entre a comunidade educativa e as familias. Para tal efecto, tanto neste trimestre como nos previos traballarán modelos destes medios de comunicación e realizarán prácticas de radio na radio escolar do propio centro.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (espazos e lugares da contorna, momentos históricos, antropoloxía...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)

- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Música e Danza (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de debuxo
Caderno de aula
Lapis, pinturas, gomas, tesoiras...
Teas, papel de patronaxe, papel de deseño, panos de mesa...
Pegamento, grampas...
Equipo de radio do centro
Aula de informática

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Dispoñemos, asemade, dunha aula de informática e da radio escolar, de cara á realización da parte radiofónica do proxecto.

A maiores, todo o material de escritura e debuxo necesario, como cartolinas, serán achegadas polo centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso, o día 26 de setembro,

e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

No caso do Proxecto Competencial de 1º curso, esta avaliación realizarase con probas de lectura e escritura relacionadas cos conceptos xerais máis básicos relacionados co Proxecto, así como coa relación co grupo de cada alumno, de cara a adimir tarefas de roles de traballo.

Coas devanditas probas, elaborárase un informe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación da información recollida nas observacións das diferentes actividades do concello e a súa ordenación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Organización da información recollida e elaboración de mapas conceptuais, esquemas e guiños coa mesma.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto mediante programas de radio e xornal.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza... Co resultado das devanditas listas e rúbricas, realizarase unha valoración numérica do 0 ao 10 para cada alumno e trimestre.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais, sobre 10.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

No grupo ao que se dirixe esta programación só se constata un caso de maior dificultade potencial no seguemento da materia, polo que se entrevistou o mestre coa súa anterior docente e se tomaron medidas axeitadas, especialmente no reforzo das escritura e a comunicación verbal, adaptando as mensaxes e tarefas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samagosto	Participación no Samaín e Samagosto e analizar a súa presenza na tradición cultural do concello de Touro	X		
Día da non violencia de xénero	Participaremos nas actividades do centro relacionadas co tema	X		
Día da paz	Actividades sobre a convivencia no concello		X	
Día da Muller	Participaremos nas actividades do centro relacionadas co tema		X	
Semana das Letras Galegas	Estudo do nome das rúas de Touro e a súa relación coas Letras Galegas			X
Día do Medio Ambiente	Relacionando o noso proxecto co concello e o tema anual do bosque			X

Observacións:

Utilizaremos como un recurso educativo as celebracións e conmemoracións que realizará o CPI Fonte Díaz para traballar de xeito interdisciplinario o Proxecto Competencial, concretando nas seis especificadas neste apartado: dúas por cada trimestre.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados